

PRACTICAS EXTRACURRICULARES PARA GRAOS / FACULTADE DE FILOLOXÍA / 2017-2018 /

CONVOCATORIA

Convócase UNHA PRAZA de prácticas extracurriculares de grao no **SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE BETANZOS (A CORUÑA) (Ref. PEG/1/1718)**

DESTINATARIOS	Estudantes de 3.º e 4.º cursos de Grao en Galego e Portugués que teñan superado o 50 por cento dos créditos da titulación no momento das prácticas.
DESCRIPCION DO TRABALLO	Traballo no Servizo de Normalización Lingüística
DEDICACIÓN	115 horas
DURACIÓN DAS PRÁCTICAS	Luns a venres en horario de 08.00 h a 15.00 h, entre o 1 de xuño e o 10 de agosto
LUGAR DAS PRACTICAS	Servizo de Normalización Lingüística, Concello de Betanzos Oficinas Xerais, Praza de Galicia n.º 1, 15300 Betanzos (A Coruña)
RECOÑECEMENTO	As 115 horas poderán ter un recoñecemento de 4,5 créditos optativos no seu expediente académico, se o alumno/a o solicitar. Ao finalizaren, a entidade expedirá un documento acreditativo.
REQUISITOS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> · Ter superado o 50 por cento dos créditos, incluída a formación básica. · Estar matriculado na titulación en 3.º ou 4.º curso. · Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/ciudadanos/tramites-gestion-personales/certificado-delitos)
COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS	Coñecemento falado e escrito da lingua galega.
SELECCIÓN	Establecerase unha comisión de selección integrada pola decana da facultade ou persoa en que delegar, e os titores académicos da UDC.
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Os criterios de selección serán: expediente académico do/a solicitante, coñecementos específicos para o posto, coñecementos informáticos, coñecementos de linguas, outros méritos aportados e xustificadas.
PRESENTACION DE SOLICITUDES	As solicitudes presentaranse no Rexistro da Facultade de Filoloxía en escrito dirixido á decana, segundo o modelo que se pode obter na páxina web da facultade. Nel figurarán os méritos alegados, xunto as fotocopias da documentación que os avalar. Se for preciso, a comisión requirirá a presentación da documentación orixinal.
PRAZO	Até as 14.00 horas do día 28 de maio de 2018

A Coruña, 22 de maio de 2018




Facultade de Filoloxía
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

María Jesús Lorenzo Modia
Decana